

Campaña de Educación Ambiental


COLEXIOS + SOSTIBLES

EDUCANDO PARA UN FUTURO SOSTIBLE

Organizada por:



Fundación Laboral del Cemento
y el Medio Ambiente





EN QUE CONSISTE A CAMPAÑA COLEXIOS+SOSTIBLES?

Colexios+Sostibles é unha campaña de educación ambiental que a Fundación CEMA (Fundación Laboral do Cemento e o Medio Ambiente) puxo en marcha nos centros educativos situados no entorno de fábricas de cemento.

Con toda esta campaña queremos axudar a concienciar e sensibilizar a toda a comunidade educativa na importancia de fomentar a sostibilidade, contribuír a alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e á mitigación do cambio climático dende as propias aulas.

O cambio climático é o maior reto ao que nos enfrontamos actualmente polas consecuencias tan graves que ten o calentamento global para o medio ambiente e as persoas.

A Fundación CEMA é pioneira na industria cementeira europea, na que patronal e sindicatos traballan xuntos pola sostibilidade do sector, sendo prioritaria a loita contra o cambio climático.

A través da educación queremos conseguir que toda a comunidade educativa se implique na loita contra o cambio climático e contribúa a un contorno máis sostible.



APRENDEMOS SOBRE CAMBIO CLIMÁTICO

Durante a campaña **Colexios+Sostibles** os nenos e nenas de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria participarán nun taller educativo sobre sostibilidade, ODS e cambio climático, impartido no seu colexio por unha educadora ambiental especializada.

Trátase dunha actividade moi dinámica e participativa na que descubrirán que é e como nos afecta o cambio climático, motivándoos a levar a cabo accións cotiás para mitigar os seus efectos.

Gracias a esta campaña, as nenas e nenos participantes aprenderán en que consiste o cambio climático, cales son os seus riscos, cal é a implicación de cada un co contorno, como de grande é a pegada medio ambiental que deixamos coas nosas actividades diarias e como podemos contribuír para mellorar esta situación.

Ademais, a campaña conta cunha serie de recursos e materiais educativos interactivos e adaptados a súa idade, co que os nenos e nenas aprenderán, xa sexa na aula ou en casa, dun xeito moi divertido a través do xogo.

Esta campaña é gratuíta para os centros educativos e emprega o xogo como ferramenta educativa.
Aprendemos divertíndonos!















COLEXIOS+SOSTIBLES PARA FREAR O CAMBIO CLIMÁTICO

É responsabilidade de todos actuar fronte ao cambio climático e lembra: **cada acción suma!** As nenas, nenos, as súas familias e o resto da comunidade educativa podemos loitar contra o cambio climático de maneira moi doada.

TOMA NOTA DESTES CONSELLOS!

-  Antes de comprar algo pensa se realmente o precisas.
-  Reutiliza as cousas ao máximo antes de desprenderte delas.
-  Recicla os teus residuos, así evitarás que acaben nos vertedoiros e poderemos dar unha segunda vida a eses materiais.
-  Camiña, pedalea ou emprega o transporte público nos teus desprazamentos.
-  Apaga as luces e aparatos eléctricos que non empregues, evitarás malgastar enerxía.
-  Aforra auga, é un recurso moi limitado.
-  Envolve o almuerzo para o cole en papel en lugar de plástico ou aluminio e emprega unha friameira ou unha bolsa de tela para levalo.
-  Nos teus paseos ou no cole leva unha botella de auga reutilizable.
-  Merca produtos locais e de temporada.
-  Segue aprendendo sobre o cambio climático e comparte esa información cos teus amigos e familia.



Podes atopar xogos moi divertidos na nosa páxina web:
educambiental.fundacioncema.org

#colexios+sostibles

APÚNTATE A CAMBIAR OS TEUS HÁBITOS PARA FREAR O CAMBIO CLIMÁTICO!